

RESOLUCIÓN do de 2023 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso na escala de axentes técnicos en **xestión ambiental** do corpo de técnicos de carácter facultativo da administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo B.

TEXTO:

A disposición adicional primeira do Decreto 225/2020, do 23 de decembro (DOG núm. 260, do 29 de decembro) e Decreto 217/2022, do 22 de decembro (DOG núm. 245, do 27 de decembro), e o **Decreto 143/2023, do 9 de novembro (DOG núm. 214, do 10 de novembro)** polos que se aproban as ofertas de emprego público correspondentes a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos **2020, 2022 e 2023**, establecen que poderán convocarse nun único proceso selectivo as prazas correspondentes á oferta de emprego público de anos anteriores, cuxo proceso selectivo non se convocou.

A disposición derradeira quinta da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala que mentres non se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario do grupo B, o persoal das escalas do corpo de técnicos de carácter facultativo quedará encadrado no subgrupo C1.

En desenvolvemento do disposto nos artigos 12 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese a obligatoriedade do uso de medios electrónicos na inscrición das solicitudes de participación neste proceso selectivo.

Por conseguinte, de conformidade co establecido no **Decreto 143/2023, do 9 de novembro (DOG núm. 214, do 10 de novembro)** polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano **2023, esta consellería**, no uso das competencias que lle atribúe a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (en diante LEPG),

DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo para o ingreso na escala de **axentes técnicos en xestión ambiental do corpo de técnicos de carácter facultativo de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, grupo B.**

I .Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a convocatoria de **noventa e seis prazas (96)** prazas correspondentes á oferta de emprego público derivada do **Decreto 143/2023, do 9 de novembro (DOG núm. 214, do 10 de novembro)**, ás que se acumulan as provenientes da oferta do ano 2020 e 2022 segundo se detalla:

- Oferta de emprego público do exercicio 2020, aprobada no Decreto 225/2020, do 23 de decembro (DOG núm. 260, do 29 de decembro): dezaoito (18) prazas de acceso libre, das que tres (3) están reservadas á quenda de persoas con discapacidade.
- Oferta de emprego público do exercicio 2022, aprobada no Decreto 217/2022, do 22 de decembro (DOG núm. 245, do 27 de decembro): trinta e oito (38) prazas de acceso libre, das que dúas (2) están reservadas á quenda de persoas con discapacidade.
- Oferta de emprego público do exercicio 2023, aprobada no Decreto 143/2023, do 9 de novembro (DOG núm. 214, do 10 de novembro): corenta (40) prazas de acceso libre, das que catro (4) están reservadas á quenda de persoas con discapacidade.

**Resérvase vinte catro (24) prazas** para ser cubertas pola quenda de promoción interna. As prazas non cubertas por esta quenda acumularanse ás de acceso libre.

O sistema selectivo será o de concurso - oposición

I.1.1. De conformidade co Decreto 225/2020, do 23 de decembro (DOG núm. 260, do 29 de decembro), e co Decreto 217/2022, do 22 de decembro (DOG núm. 245, do 27 de decembro), do total de prazas convocadas reservarase **nove (9)** para ser cubertas por persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33%.

Se algunha persoa aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade supera os exercicios, pero non obtén praza, e a súa puntuación é superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluída pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante os procesos selectivos darase un tratamento diferenciado ás persoas aspirantes pola cota de discapacidade, no que se refire ás relacións de persoas admitidas e excluídas, aos chamamentos aos exercicios e á relación de persoas aprobadas. Non obstante, ao finalizar cada exercicio e o proceso elaborarase unha relación única na que se incluirán todas as persoas

aspirantes que o superasen, ordenadas pola puntuación total obtida, con independencia do tipo de praza pola que participasen.

I.1.2 As persoas que, cumprindo os requisitos establecidos na base I.1.1, opten ás prazas reservadas para persoas con discapacidade deberán indicalo expresamente na solicitude. De non indicalo entenderase que non optan por esta reserva.

.

As persoas aspirantes só poderán participar nunha das quendas citadas.

I.1.3 De ser o caso, as aclaracións ou as correccións deberán realizarse no prazo de alegacións ás listaxes provisionais de persoas admitidas.

I.1.4. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TREBEP), a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

## I.2. Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán posuír no día de finalización de presentación de solicitudes de participación e manter ata o momento da toma de posesión, como persoal funcionario de carreira, os seguintes requisitos:

### I.2.1. Promoción interna

I.2.1.1. Idade: Non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.1.2. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter, o título de Técnico superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, ou equivalente.

Para os efectos desta convocatoria o termo de equivalente se entenderá referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

2.1.1.3. Estar en posesión ou en condicións de obter os permisos de conducir das modalidades A2 e B.

I.2.1.4. Pertencer como persoal funcionario de carreira a algúns dos corpos ou escalas integrados no subgrupo C1 da Administración xeral e Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (corpo administrativo ou corpo de axudantes de carácter facultativo)

~~Tamén poderán concorrer, pola quenda de promoción interna, o persoal laboral fixo pertencente ao grupo III cat 100 que se atopen incluídos dentro do ámbito de aplicación do V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia~~

Queda expresamente excluído o persoal laboral indefinido non fixo.

I.2.1.5. Ter prestado servizos efectivos, durante polo menos dous anos, como **persoa** **funcionario** nalgún dos corpos ou escalas integrados no subgrupo C1 da Administración xeral e Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (corpo administrativo ou corpo de técnicos de carácter facultativo ou ao corpo de axudantes de carácter facultativo) ~~ou coa condición de persoal laboral fixo do grupo III da Xunta de Galicia, desde o que participen, computados desde o ingreso ou desde a integración nel~~

Non se computarán en ningún caso os servizos prestados coa condición de persoal laboral indefinido non fixo.

Quedarán exentas do cumprimento deste requisito, as persoas aspirantes que presten servicios nos corpos ou escalas integrados no subgrupo C1 da Administración xeral e da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da superación dalgúns dos procesos de funcionarización convocados ao abeiro do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Para estes efectos, consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais (artigo 168 da LEPG), na situación de excedencia por coidado de familiares (artigo 176 da LEPG), na situación de excedencia por razón de violencia de xénero (artigo 177 da LEPG) e na situación de excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG)

I.2.1.6. Coñecemento da lingua galega. Débese estar en posesión do título do Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Non obstante, aquelas persoas que non acheguen a titulación anteriormente indicada deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega nos termos que se establecen na base II.

I.2.1.7. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.1.8. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

I.2.1.9. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal funcionario de carreira que xa pertence á escala ou grupo obxecto desta convocatoria.

## I.2.2. Acceso libre

I.2.2.1. Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2.2. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.2.2. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de Técnico superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, ou equivalente.

Para os efectos desta convocatoria o termo de equivalente se entenderá referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

2.2.2.3. **Estar en posesión ou en condicións de obter os permisos de conducir das modalidades A2 e B**

I.2.2.4. Coñecemento da lingua galega. Débese estar en posesión do título do Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Non obstante, aquelas persoas que non acheguen a titulación anteriormente indicada deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega nos termos que se establecen na base II.

I.2.2.5. Capacidad funcional: posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.2.6. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial

para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada/o ou en situación equivalente, nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

I.2.2.7. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacidade, terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, na data de publicación da presente convocatoria.

I.2.2.8. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal funcionario de carreira que xa pertence á escala obxecto desta convocatoria.

### I.3. Solicitudes.

I.3.1. As solicitudes presentaranse por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal), seguindo a ruta «Procesos selectivos»—«Xeración e presentación de solicitudes de procesos selectivos». Para a presentación electrónica das solicitudes poderase emplegar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>) e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que esixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, as persoas aspirantes deberán rexistrar os seus datos de identidade e contacto que se emplegarán para as súas solicitudes.

Unha vez completados os datos dos solicitante poderase iniciar o proceso de inscrición.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado "Idioma do exame", se o texto do exercicio deberá entregarse en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a súa solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar a opción.

As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ó pago de taxas:

As persoas aspirantes con discapacidade poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

Se a solicitude derivase dunha circunstancia sobrevida, deberán solicitar a adaptación necesaria no prazo dun mes dende que se producise o feito causante e en calquera caso nas 24 horas seguintes á publicación da convocatoria para a realización do ejercicio no que proceda a súa aplicación.

As persoas aspirantes das adaptacións sinaladas poderán indicar na mesma epígrafe da solicitude a presenza durante a realización do ejercicio de atención médica especializada. Neste suposto, deberán acreditar e presentar antes do remate do prazo fixado, o orixinal ou a copia auténtica do informe médico que acredite a necesidade da dita medida.

I.3.2 O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

I.3.3 As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumplir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.
- b) Xustificante da condición de persoa con discapacidade no caso de estar expedido por outra Comunidade Autónoma.
- c) Xustificante da condición de familia numerosa no caso de estar expedida por outra Comunidade Autónoma.
- d) Copia do título do Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG Núm.146, do 30 de xullo) modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro)
- e) Os datos relativos a execución de taxa consultaranse automaticamente a non ser que as persoas interesadas se opoñan a consulta da documentación, o que deberán indicar no cadro correspondente e achegar a seguinte documentación:

Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.

Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

Demandantes de emprego:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

Para a remisión electrónica, empregarán os apartados habilitados aos efectos. Se non dispón de copias auténticas deberá xerar o anexo de documentación e achegar coa súa solicitude, orixinal ou copia debidamente compulsada, dos documentos xustificativos segundo os supostos en que se atopen.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.
- As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia de actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuge ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, ou cónxuge do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

#### I.3.4 Para o pagamento da taxa deberase actuar do seguinte xeito:

Pagamento electrónico: Hai que introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterase o xustificante 730 correspondente.

Pagamento electrónico: Con certificado dixital: poderán realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na pantalla, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade

Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante. Unha vez feito o pago presencial na entidade financeira, deberase acceder á solicitude pendente e continuar a inscrición. Introduciranse os datos relativos á data de ingreso e o NRC (Número de Rexistro Completo) correspondente. Unha vez completados os datos validarase o NRC premendo no botón "Validar NRC".

A Administración devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Do mesmo xeito, a Administración devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes que tiveran acadado un posto na mesma categoría, corpo, grupo ou escala en virtude do proceso selectivo que se atope en execución e que á data da publicación da presente convocatoria non estivera rematado e así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación no DOG das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Para iso será necesaria a presentación dun escrito solicitando a devolución e no que conste o número de conta (24 díxitos), a entidade financeira e a súa localidade ou ben presenten un certificado expedido pola entidade financeira no que figuren esos datos. Esta documentación deberá ser dirixida ao Servizo de Selección da Dirección Xeral da Función Pública. A presentación deste escrito sen os datos indicados ou fóra de prazo supoñerá a perda do derecho á devolución do importe ingresado.

Non procederá a devolución do importe aboadado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

#### I.3.5 Finalizado correctamente o proceso de pagamento poderase presentar a solicitude.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento, accedendo ao sistema en Inscricións en procesos selectivos onde disporá dunha listaxe de todas as solicitudes.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes disporán de axudas e formas de contacto específicas en cada pantalla.

### I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución que será publicada no DOG, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, das

causas das exclusións que procedan. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. As alegacións contra as listas provisionais **de persoas admitidas e excluídas** deberán presentarse a través do aplicativo fides (<http://fides.xunta.gal>) As persoas aspirantes afectadas poderán acceder a solicitude correspondente e completar os documentos solicitados.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Dirección Xeral da Función Pública que será publicada no DOG, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

## II. Proceso selectivo

### II.1. Fase de oposición.

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como Anexo I a esta resolución. Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, sendo a data límite a de publicación no DOG das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que figura no Anexo I e que fosen derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquellas que procedan á súa derogación parcial ou total, sendo a data límite a de publicación no DOG das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

#### II.1.1. Exercicios.

As probas da oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles eliminаторios e obligatorios.

#### **II.1.1.1. Primeiro Exercicio.**

~~Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contenido teórico de cen (100) preguntas tipo test, relacionado co anexo I do programa, das que vinte (20) correspóndense coa parte común do programa e oitenta (80) preguntas coa parte específica.~~

~~O exercicio disporá de seis (6) preguntas de reserva, das que catro (4) serán da parte específica do programa~~

~~As preguntas terán catro (4) respuestas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.~~

~~As persoas aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentas de contestar as preguntas de contenido teórico sobre a parte común do programa, polo que contestarán unicamente ás preguntas de contenido teórico sobre a parte específica e as correspondentes preguntas de reserva.~~

~~As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.~~

~~As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algúnhha das preguntas do exercicio.~~

~~O tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa. Na elaboración das preguntas do presente exercicio respectarase a orde establecida no parágrafos anteriores.~~

~~O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento cincuenta (150) minutos.~~

~~O exercicio cualificarse de 0 a 40 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte (20) puntos. Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.~~

~~No acceso libre, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar~~

~~por catro (4) o número de prazas convocadas nesta quenda, sempre que acaden o mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.~~

~~Subsidiariamente, de darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas non cubertas conforme ao previsto no parágrafo anterior, sempre que acaden o mínimo do 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes~~

~~No acceso pola quenda de promoción interna superarán o exercicio as persoas aspirantes que acaden o mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.~~

~~Subsidiariamente, de darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, se rebaixará ao mínimo do 40% das partes das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.~~

~~Para os efectos do previsto nos dous parágrafos anteriores, no que se refire ao número máximo de prazas convocadas pola quenda de acceso libre, terase en conta que as prazas non cubertas pola quenda de promoción interna acumularanse ás prazas convocadas pola quenda de acceso libre.~~

~~Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contenido do exercicio e as respostas correctas no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).~~

~~Este exercicio realizarase no prazo máximo de corenta (40) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas.~~

~~A data de realización deste exercicio non terá lugar antes dos seis (6) meses posteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.~~

**Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento corenta (140) preguntas tipo test que se dividirá en dúas partes: unha de contido teórico e outra de contido práctico**

a) A primeira parte do exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de noventa (90) preguntas tipo test, das que vinte e cinco (25) corresponderán á parte común do programa e sesenta e cinco (65) á parte específica, más cinco (5) preguntas de reserva, das cales unha (1) corresponderá á parte común do programa e catro (4) á parte específica e que substituirán ás preguntas anuladas de cada parte pola súa orde.

As persoas aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentas de contestar ás preguntas da parte común do programa, polo que contestarán únicamente ás sesenta e cinco (65) preguntas da parte específica e ás correspondentes preguntas de reserva.

b) Na segunda parte, as persoas aspirantes deberán resolver por escrito dous supostos de carácter práctico relacionados coas materias que figuran na parte específica do programa, cun total de cincuenta (50) preguntas tipo test, con vinte e cinco (25) preguntas cada un dos supostos.

Cada suposto do exercicio dispoñerá de tres (3) preguntas de reserva.

Nos supostos a) e b) as preguntas terán catro (4) respuestas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa. Na elaboración das preguntas do presente exercicio respectarase a orde establecida nos parágrafos anteriores.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento oitenta (180) minutos.

No acceso pola quenda de promoción interna, superarán o exercicio as persoas aspirantes que acaden, en cada unha das partes, o 50% das respuestas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Non obstante, de darse o caso de que o número de aspirantes que acaden, en cada una de las partes, o 50% das respuestas netas, sexa inferior ao número de prazas convocadas por esta quenda, superan o exercicio as persoas aspirantes que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 40 % das respuestas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes

No acceso libre, superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellors puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas por esta quenda sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 50%, das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Non obstante, de darse o caso de que o número de aspirantes que acaden, en cada una das partes, o mínimo do 50% das respostas netas, sexa inferior ao resultado de multiplicar por catro o número de prazas convocadas, superan o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellors puntuacións, ata acadar a devandita cifra sempre que obtiveran, en cada unha das partes, o mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes

Para os efectos do previsto nos dous parágrafos anteriores, no que se refire ao número máximo de prazas convocadas pola quenda de acceso libre, terase en conta que as prazas non cubertas pola quenda de promoción interna acumularanse ás prazas convocadas pola quenda de acceso libre.

En calquera caso, lémbrase que soamente superarán o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que acaden as mellors puntuacións ata completar o número máximo de prazas convocadas, sempre que cumpran as condicións previstas nos parágrafos anteriores.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos.

#### **H.1.1.2. Segundo exercicio:**

~~As persoas aspirantes deberán resolver por escrito dous supuestos prácticos tipo test de sesenta (60) preguntas con (4) respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal relacionados coas materias que figuran na parte específica do programa~~

~~Cada suposto do exercicio disporá de tres (3) preguntas de reserva.~~

O exercicio terá unha duración máxima de cento vinte (120) minutos.

As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algúns das preguntas do exercicio.

O tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa. Na elaboración das preguntas do presente exercicio respectarase a orde establecida no parágrafos anteriores.

O exercicio terá unha duración máxima de cento vinte (120) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte (20) puntos.

Obterán 20 puntos as persoas aspirantes que acaden o mínimo do 45% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes. Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal publicará, con anterioridade á realización da proba, os criterios de corrección, valoración e superación desta que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

Este exercicio realizarase nun prazo mínimo de corenta e oito (48) horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de corenta (40) días hábiles.

II.1.1.2. Segundo exercicio. As persoas aspirantes deberán realizar unha proba de aptitude física que consistirá na realización da proba física “Field Test”, na que as persoas aspirantes terán que camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11 Kg. ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos **para os homes e 35 minutos para as mulleres**

As persoas aspirantes deberán acudir á realización da proba coa roupa e calzado que consideren adecuado e provistos dun certificado médico oficial ou informe sobre o seu estado de saúde, asinado por un médico colexiado en exercicio, no que se faga constar que non presenta enfermidade ou discapacidade que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. O dito certificado deberá ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto da data de realización da proba.

O exercicio valorarase como apto ou non.

Este exercicio realizarase nun prazo mínimo de corenta e oito (48) horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de corenta (40) días hábiles.

#### II.1.1.4. Terceiro exercicio.

Constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de cincuenta (50) minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Correspondrá ao tribunal determinar o coñecemento da lingua galega de acordo ao nivel do Celga requerido no proceso selectivo.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación no DOG da resolución pola que o tribunal faga públicas as cualificacións do segundo exercicio, que posuían o día da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), o Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

A Dirección Xeral da Función Pública publicará, no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal), unha listaxe de persoas aspirantes na que figurarán aquelas que, por ter acreditado a posesión do Celga requerido, en calquera procedemento cuxa competencia corresponda a esta dirección xeral, non teñen que presentar a documentación xustificativa da exención.

#### II.1.2. Desenvolvemento dos exercicios.

II.1.2.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apellido comece pola letra V, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 23 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 18, do 26 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 12 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 12, do 18 de xaneiro).

II.1.2.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de conducción ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

II.1.2.3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola Dirección Xeral da Función Pública como colaboradoras.

II.1.2.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

II.1.2.5. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

II.1.2.6. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no DOG e no portal web corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal), con corenta e oito (48) horas, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio.

II.1.2.7. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase algunha ou algunas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao no DOG. As alegacións contra as preguntas deberan presentarse a través do aplicativo fides (<http://fides.xunta.gal>)

II.1.2.8. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes publicaranse no portal web corporativo da Xunta de Galicia [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no DOG da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

II.1.2.9. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumple algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarollo á Dirección Xeral da Función Pública para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública proporá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convócate, que publicará a resolución que corresponda.

II.1.2.10. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación do exercicio, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

II.1.2.11. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma da puntuación dos exercicios da oposición. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convócate poderá requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para

estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal funcionario de carreira.

## II.2. Fase de concurso.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos:

### II.2.1. Promoción interna:

#### II.2.1.1. Antigüidade.

Os servizos serán valorados por meses de 30 días a razón de **0,05 puntos/mes**. Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos períodos computables, dividirase o resultado entre trinta (30) e multiplicarase o cociente, desprezando os decimais, por 0,10.

Para estes efectos, computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración pública.

A puntuación máxima por esta epígrafe será de 12 puntos.

#### II.2.1.2. Formación.

Valoraranse os cursos de formación recibidos, convocados, organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); polas escolas oficiais de formación similares das restantes comunidades autónomas; pola Academia Galega de Seguridade Pública; pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas; cursos impartidos polas organizacións sindicais que estiveran homologados pola EGAP; cursos acreditados polo **SEPE** e cursos acreditados polas consellerías da Xunta de Galicia; e cursos impartidos por universidades **publicas**

Para cada curso de duración igual ou superior a oito (8) horas lectivas, valorarase con **0,01** puntos cada hora de formación, ata un máximo de **1,5 puntos** por curso.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.

- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

A puntuación máxima desta epígrafe é de 4 puntos.

#### II.2.1.3. Grao de coñecemento do idioma galego:

- Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: 2,25 puntos.
- Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 3 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do idioma galego, só se computará a puntuación correspondente ao superior.

#### II.2.1.4. Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores, ata o máximo de 1 punto:

- Permiso por parto, adopción ou acollemento (artigos 121 e 122 LEPG): 0,2 puntos/permiso.
- Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento**, acollemento ou adopción dun fillo (artigo 124 da LEPG): 0,2 puntos.
- Redución de xornada do artigo 106.2 a) e b) da LEPG: 0,04 puntos.
- Excedencia para o coidado de familiares: 0,04 puntos/mes completo.

Os meses serán computados por días naturais (30 días).

### II.2.2. Acceso libre.

#### II.2.2.1. Experiencia profesional.

**Experiencia profesional, entendida como os servizos efectivamente prestados en calquera Administración pública, como empregado público no corpo de técnicos de carácter facultativo, escala de axentes técnicos en xestión ambiental, grupo B e no corpo de axudantes de carácter facultativo, subgrupo C1, escala de axentes facultativos ambientais ou equivalente e no corpo de auxiliares de carácter técnico subgrupo C2, escala de axentes forestais.**

Para estes efectos consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por **0,08 puntos**.

Computarase a prestación de servizos en réxime de interino (25.4 da LEPG) e en réxime de persoal laboral temporal (27.4 da LEPG) e do persoal laboral indefinido non fixo.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

#### II.2.2.2. Experiencia profesional.

Experiencia profesional entendida como os servizos efectivamente prestados como empregado público en distinto corpo, grupo, escala ou categoría á que opta a persoa aspirante, en calquera Administración pública. Non se computarán os mesmos períodos xa valorados nos puntos anteriores.

Para estes efectos consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no art. 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por **0,03 puntos**.

Computarase a prestación de servizos en réxime de interino (25.4 da LEPG) e en réxime de persoal laboral temporal (27.4 da LEPG) e do persoal laboral indefinido non fixo.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

A puntuación máxima das epígrafes de experiencia profesional II.2.2.1. á II.2.2.2. é de **15 puntos**.

#### II.2.2.3. Formación.

Valoraranse os cursos de formación recibidos, convocados, organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); polas escolas oficiais de formación similares das restantes comunidades autónomas; pola Academia Galega de Seguridade Pública; pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas; cursos impartidos polas organizacións sindicais que estiveran homologados pola EGAP; cursos acreditados polo **SEPE** e cursos acreditados polas consellerías da Xunta de Galicia; e cursos impartidos por universidades **publicas**

Para cada curso de duración igual ou superior a oito (8) horas lectivas, valorarase con **0,01** puntos cada hora de formación, ata un máximo de **1,5 puntos** por curso.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.

- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

A puntuación máxima deste epígrafe é de 5 puntos.

II.2.2.4. Os méritos enumerados nas bases II.2.2.1, II.2.2.2 e II.2.2.3 deberán referirse á data de remate de presentación de instancias e deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza a Dirección Xeral da Función Pública e que será publicado no DOG.

Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme o establecido no dito procedemento.

II.2.2.5. Rematada a fase de oposición, a Dirección Xeral da Función Pública publicara no DOG a resolución pola que se regula o procedemento a que se refire o punto anterior para que as persoas aspirantes presente a documentación relativa á fase de concurso.

II.2.2.6. O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da Dirección Xeral da Función Pública, e publicaraa no DOG, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no DOG da baremación definitiva da fase de concurso.

II.2.2.7. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuación obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convócate poderá requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal funcionario de carreira.

### III. Tribunal.

III.1. O tribunal cualificador do proceso será nomeado por resolución da consellería competente en materia de función pública, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59

da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

III.2. As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada á Dirección Xeral da Función Pública.

O titular da presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar as persoas integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

III.3. A autoridade convócate publicará no DOG a resolución correspondente pola que se nomeen as novas persoas integrantes do tribunal que substituirán ás que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

III.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

III.5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou de quen as substitúa.

III.6. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

III.7. Por cada sesión do tribunal levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a Secretaría e o visto e prace da persoa que ocupe a Presidencia, ou quen as substitúa.

III.8. A Presidencia do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios do proceso selectivo sexan corridos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluirá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes ás que corresponden os resultados obtidos.

III.9. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública.

III.10. O tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes. Para tal fin estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3 as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo, o tribunal tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala ao que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.

III.11. O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia. Para os efectos do previsto no dito decreto, entenderase que a designación do tribunal cualificador realizada segundo o disposto na base III.1 implicará a autorización da orde de servizo para que os seus membros poidan desprazarse ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas dentro do número máximo autorizado.

A Dirección Xeral da Función Pública determinará o dito número máximo de sesións autorizado ao tribunal e poderá amplialo baseándose en causas xustificadas.

III.12. O tribunal non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito, tendo en conta o previsto na base II.1.2.11.

III.13. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

III.14. As comunicacóns que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse electronicamente á Consellería de Facenda e Administración Pública, Dirección Xeral da Función Pública (Edificio Administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela).

IV. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal funcionario de carreira.

IV.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- Criterio de desempate no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, segundo cal ao existir infrarepresentación feminina nesta escala, o empate se resolva a favor da muller.
- Puntuación obtida nos exercicios da oposición pola súa orde de realización.
- Puntuación outorgada polos méritos alegados na fase de concurso seguindo a orde establecida nas diferentes epígrafes da base II.2.
- Orde alfabética recollida na base II.1.2.1.
- En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

IV.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará no DOG a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. Na mesma resolución proporá o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

A partir do día seguinte ao da publicación no DOG da relación de persoas aprobadas, estas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

- a) Copia auténtica do título esixido na base I.2 ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro

deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

b) Un certificado ou un informe médico sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Os certificados ou informes non poderán ter unha data de emisión anterior aos tres (3) meses da súa presentación.

c) As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% que superen o proceso selectivo deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, de ser o caso, da Administración correspondente.

A consellería competente en materia de función pública solicitará ao órgano competente a documentación que acredite que as persoas aspirantes que accedan por esta cota de reserva reúnen os requisitos de compatibilidade co desempeño das correspondentes funcións.

Poderán autorizar á Administración a dita consulta mediante solicitud expresa remitida xunto co resto da documentación

IV.3. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2 non poderán ser nomeadas persoal funcionario de carreira e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.4. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario de carreira mediante unha resolución da consellería competente en materia de función pública que se publicará no DOG e indicará o destino adxudicado.

IV.5. A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base IV.1.

IV.6. A toma de posesión das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no DOG, de conformidade co artigo 60.e) da LEPG.

## V. Disposición derradeira.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou

impugnala directamente ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública

P.D. (Orde do 8 de xaneiro de 2020; DOG núm. 16, do 24 de xaneiro)

José María Barreiro Díaz

Director xeral da Función Pública

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2023

## ANEXO I

### **Programa que rexerá as probas selectivas para o ingreso no corpo de técnicos de carácter facultativo na escala de axentes técnicos en xestión ambiental, grupo B**

#### **Parte común**

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I artigo 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.
2. O Estatuto de autonomía de Galicia. Título I, título II e título III da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV capítulo I e capítulo IV e o título V.
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar, capítulos III e IV.
6. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI capítulos III e IV e título VIII.
7. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.
8. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I.E o título I da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
10. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar e título I.
9. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: título preliminar e título I.

10. Real Decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar e título I

### **Parte específica**

1. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia ambiental e de montes. A Consellería do Medio Rural e a Vicepresidencia segunda e Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda: estrutura e organización.

2. Conceptos básicos relacionados coa saúde no traballo e os riscos. Tipos de riscos. Consecuencias e custos dos riscos. Riscos xerais.

3. Técnicas de seguranza: técnicas de prevención. Inspeccións de seguranza. Investigación de accidentes. Avaliación de riscos. Normas de seguranza. Sinalizacións de seguranza: tipos, cores e formas xeométricas. A protección colectiva. A protección individual. Medidas de protección parcial e integral.

4. A vixilancia da saúde e primeiros auxilios. A xestión da prevención. Recoñecementos médicos. Hemorrxacias. Queimaduras. Reanimación cardiopulmonar. Feridas. Amputacións.

5. As comunicacións. O código fonético internacional ICAO. As comunicacións na extinción de incendios forestais de Galicia. A rede TETRA. A función repeater e o modo GATEWAY.

.

6. Cartografía. Determinación dun punto. Representación do terreo. Escalas. Tipos de coordenadas e usos. Medicións indirectas. Levantamento de bosquejos. Orientación no terreo. Cartografía dixital. GPS. Os sistemas de información xeográfica: nocións básicas.

7. A protección ambiental en Galicia: A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. A avaliación ambiental. Principais procesos e sectores relacionados coa avaliación ambiental.

8. A conservación da natureza en Galicia: A Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e biodiversidade de Galicia. Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

9. A xestión dos espazos naturais protexidos, figuras, protección, declaración, efectos e instrumentos de planificación dos recursos naturais e órganos de xestión.

10. Os compromisos internacionais de conservación da natureza: a Rede Natura 2000, concepto de LIC, ZEC e ZEPA, hábitats e especies de interese comunitario presentes en Galicia. Identificación. Regulación en Galicia. Convenio Ramsar. Aplicación en Galicia. Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidares protexidos e se crea o Inventario de humidares de Galicia. Reservas da Biosfera. Aplicación en Galicia.

11. A protección da flora e da fauna en Galicia. Singularidade e endemismos. Normativa de aplicación: catálogo español de especies ameazadas. Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA) e o Decreto 167/2011 polo que se modifica o anterior. Catalogación de especies, efectos, plans de recuperación, protección, conservación e manexo. Identificación de especies do CGEA. Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo de árbores senlleiras e o seu desenvolvemento e o Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo de árbores senlleiras. O Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.

12. Lexislación cinexética xeral: Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.. Lei 6/2006, do 23 de outubro, de modificación da Lei 4/1997, de caza de Galicia. Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia. Orde anual de vedas.

13. Lexislación piscícola xeral: Lei 2/2021, do 8 de xaneiro de pesca continental de Galicia. Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas continentais. Orde anual de vedas.

14. Xestión cinexética. Avaliación de poboacións. Plans de aproveitamento. Mellora do hábitat cinexético. Especies de caza maior e menor en Galicia. Modalidades de caza empregadas con cada unha delas. Identificación. Seguranza nas cazarías.

15. Xestión piscícola. Avaliación de poboacións. Plans de aproveitamento. Mellora do hábitat piscícola, repoboacións con especies piscícolas: xustificación e técnicas. Especies piscícolas en Galicia, autóctonas e introducidas. Identificación. O salmón atlántico, o reo, a troita e a anguía. Evolución das poboacións, problemas más importantes en Galicia.

16. Contaminación das augas continentais en Galicia: toma de mostras. Actas de toma de mostras e análise. Calidade mínima exixible das augas continentais. Protocolo de recolla de mostras e probas de ataque de lobo. Recolla e análise de cadáveres e cebos presuntamente envenenados. Recolla de mostras de auga e cadáveres en casos de presuntas verteduras

tóxicas. Outros protocolos especiais para recolla de mostras. A cadea de custodia. Transporte e entrega de mostras. Destino e procedemento.

17. A protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade: A Lei 4/2017, do 3 de outubro de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.

18. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Concepto de monte. Definicións. Competencias da administración autonómica. Xestión dos montes públicos e privados. Os novos contratos temporais de xestión pública. A Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Lexislación básica e a súa aplicación.

19. A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento de execución. Deslindamentos, adquisición de terreos e reinvestimentos dos ingresos. Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo.

20. O Plan forestal de Galicia. Principais datos da situación de partida. Obxectivos estratéxicos e programáticos. Principais medidas e programas. Os plans de ordenación dos recursos forestais.

21. Agrupacións forestais de xestión convxunta. Tipoloxías e principais características. Regulación e rexistro da figura do silvicultor activo. Superficies inscritas en Galicia e número de silvicultores activos.

22. Regulación dos aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóbicos e de resina en Galicia. Regulación dos aproveitamentos en montes de xestión pública. Materiais e métodos de cubicación e inventario.

23. Ecoloxía e características forestais das frondosas caducifolias en Galicia. Distribución e importancia económica. Modelos silvícolas de aplicación.

24. Ecoloxía e características forestais das coníferas e frondosas perennifolias en Galicia. Distribución e importancia económica. Modelos silvícolas de aplicación.

25. A repoboación forestal. Condicións legais que deben cumplir as repoboacións forestais. Técnicas e métodos de repoboación forestal. Elección de especies e os seus condicionantes. Preparación do terreo e plantación. Labores de mantemento.

26. Tratamentos silvícolas: rozas, desmestas e rareos. Tipos de rareos, peso e intensidade. Selección de rebentos e podas. Maquinaria e ferramentas para estes traballos. Principais tipos e aplicación.

27. Sanidade forestal. Principais enfermidades e pragas das especies arbóreas en Galicia. Ciclos biolóxicos. Medidas para combatelas. Declaración de organismos de corentena. Plans de acción.
28. Materiais forestais de reproducción. Categorías. Orixe e procedencia. Materiais de base. Certificado patrón. Pasaporte fitosanitario. Comercialización con fins de silvicultura: documentos exixibles e etiquetaxe. Requerimentos de calidade exterior da planta forestal.
29. Ordenación de montes. Obxectivos. Inventario do monte: unidades, marcase e planos. Parcelas de inventariación. Quenda. Posibilidade. A certificación da xestión forestal sostible e da cadea de custodia. Concepto de criterios e indicadores. Superficie certificada polos principais sistemas no mundo, España e Galicia.
30. O sector forestal e a súa contribución á produción final agraria en Galicia. Axudas sectoriais. A industria forestal. O sector da serraxe. O sector dos taboleiros. O sector da pasta de papel. Principais procesos de produción. A Axencia Galega da Industria Forestal.
31. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e lexislación complementaria. O Decreto 105/2006, do 22 de xuño.
32. O Pladiga. A clasificación dos lumes en función da súa gravidade. Épocas de perigo. Misións dos axentes forestais. O Sistema Estrutural de Mando Operativo na extinción de incendios forestais (SEMOP). Figuras operativas e as súas funcións. Os niveis operativos dos lumes.
33. Análise e comportamento do incendio forestal: combustible, dispoñibilidade e modelos de combustible. A meteoroloxía e os incendios forestais. Sistemas de predición do comportamento do incendio. O índice de risco diario de incendio forestal (IRDI).
34. Prevención de incendios forestais. Obras preventivas: tipos de rozas, melloras e apertura de pistas, puntos de auga e hidrantes, devasas. Maquinaria que se emprega. A investigación de causas de incendios forestais: o método de evidencias físicas, o cadre de identificadores de actividade e a determinación e validación do punto de inicio.
35. Análise da situación e organización na extinción dun incendio: estados dun incendio. Análise da situación. Mobilización de recursos. Grandes incendios forestais. A regulación legal da figura do/a director/a técnico/a de extinción. Os incendios en interface urbano forestal. Situacións operativas.

36. As liñas de defensa no incendio forestal. Operacións con motobomba. Características do vehículo motobomba, equipamento de impulsión: enumeración e características. Os retardantes nos incendios forestais: tipos e utilización. Maquinaria pesada na extinción de incendios forestais: tipos de máquinas, características e equipamento. Rendimento e limitacións. Métodos de traballo.
37. As queimas prescritas. O procedemento de planificación e execución. A ventá de actuación. O plan de queima
38. Os medios aéreos de extinción de incendios forestais. Tipos de aeronaves. As comunicacións cos medios aéreos. Organización e operacións dos medios aéreos.
39. A seguridade na extinción de incendios forestais. Factores de risco na extinción. Protocolo OACEL. Situacións en atrapamento. Manobras de autoprotección.